

## O comercio local móvese na rede



Conta a túa historia

## O rural é comercio



### Fomenta a calidade e a diferenciación

O comercio local reinvéntase cada día para adaptarse aos novos hábitos de consumo. As relacións comerciais que poidas establecer a través de MOVE permitiránche:

- Ofrecer produtos locais de calidade e diferentes.
- Aumentar a diversidade de opcións para as persoas consumidoras.
- Conseguir unha maior rendibilidade para o teu negocio.



Entre todos os negocios locais enriqueceremos a oferta local e proporcionáremoslles ás e aos clientes unha experiencia de compra diferente e emocionante. Ademais, axudarlle á túa provincia e, en concreto, ao teu concello a manter vivas a súa cultura e identidades únicas, o que beneficia a toda a veciñanza.

# MOVE

A REDE QUE CONECTA O COMERCIO LOCAL, DA TÚA MAN

### Como podes ser parte de Move

Para adherirte á rede só tes que escribir un correo electrónico a [move@cinfo.es](mailto:move@cinfo.es) e poñerémonos en contacto contigo para informarte sobre como formar parte da Rede de Comercio Local Move da Deputación de Pontevedra.

**+ información:**  
[move.gal](http://move.gal) e [datuaman.depo.gal](http://datuaman.depo.gal)



# MOVE

A REDE QUE CONECTA O COMERCIO LOCAL, DA TÚA MAN

**Move** é unha iniciativa da Deputación de Pontevedra e dos concellos adheridos para crear unha rede de comercio local na provincia, onde as persoas comerciantes e hostaleiros estreiten vínculos con produtores e provedores locais.

Trátase dunha xanela para darse a coñecer, para compartir e para establecer relacións comerciais e novas oportunidades de negocio. Terás a posibilidade de contar a historia do teu negocio impulsando o consumo de produtos de calidade, de proximidade e de quilómetro 0.



## O teu negocio é o que te **Move**

É hora de darlle o impulso que se merece:

- Aproveita a visibilidade do mundo dixital.
- Establece relacións comerciais.
- Comparte a túa experiencia e a túa historia en novos formatos virais coma o vídeo.
- Aprende a usar ferramentas dixitais e estratexias comerciais para darte a coñecer.
- Faite ver na plataforma de comercio Commerce Inside/Da túa man.

Todo iso é o que atoparás en Move, a rede de comercio local da Deputación de Pontevedra en internet que une o teu comercio local ou o teu establecemento hostaleiro cos produtores e provedores locais.



## Que é **Move**

**move.gal** é a plataforma en liña que a Deputación de Pontevedra pon á túa disposición dentro do proxecto “Da túa man”.

Unha iniciativa para:

- Revitalizar a economía local, xerar oportunidades e fixar poboación no rural.
- Visibilizar e modernizar o comercio local, os establecementos hostaleiros e os produtores e provedores locais no mundo dixital.
- Crear vínculos que favorezan a economía circular e o consumo de proximidade e de quilómetro 0.



## Quen pode adherirse a **Move**

**Comercios locais e establecementos hostaleiros** que desenvolvan a súa actividade nos municipios participantes:

- “Da túa man (rural I)”: Arbo, Campo Lameiro, Cuntis, Forcarei, Meis, Mondariz, As Neves, Rodeiro e Pontecesures.
- “Da túa man (rural II)”: A Guarda, A Illa de Arousa, Cataíra, Covelo, Crecente, Moraña, Oia, Pazos de Borbén, Portas e Vilaboa.

**Produtores e provedores locais** que desenvolvan a súa actividade na provincia de Pontevedra.